

**DECRETO NÚMERO 13004535 DO 09/05/2013**

**Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.**

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día dous de abril de dous mil oito, adoptou o acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público para o ano 2008, publicándose no Boletín Oficial da Provincia número 090 de data 19.04.2008.

Asi mesmo, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 3.04.2013, aprobou as bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de Tradutor/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal, incluída na referida Oferta de Emprego.

Ditas bases foron rectificadas por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 24.04.2013.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas polos artigos 124 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como en virtude do Decreto número 12010330, de 27 de novembro de 2012 e do acordo nº 11/47 da Xunta de Goberno Local, do 30 de xaneiro de 2013, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso oposición, para o acceso en propiedade a **unha praza de Tradutor/a**, pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal, que se rexerá tanto polas Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 18.06.2008, publicadas no BOP número 157 de 9.07.2008 (modificadas polo citado órgano en sesións do 18 de febreiro de 2009 e do 26 de decembro de 2012, modificacións que foron publicadas no BOP número 051, do 4 de marzo de 2009 e no BOP número 33, do 8 de febreiro de 2013) e polas bases específicas aprobadas por dito órgano na sesión do 3.04.2013 e rectificadas na súa sesión do 24.04.2013, que seguidamente se transcriben:

**“BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE TRADUTOR/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL”**

1º.- **OBJECTO.-** Estas bases específicas teñen por obxecto regular os aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a unha praza de tradutor/a, do cadro de persoal do Excmo. Concello de Lugo, no marco do proceso de consolidación de emprego temporal en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS/AS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO.

## **PERSOAL**

MLP/egp

Refª: 13drconvocatoria1Tradutor.doc

Asunto: Convocatoria 1 praza Tradutor/a, c.e.t

### **CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL".**

O órgano competente da Corporación poderá adscribir ao/á aspirante nomeado/a, través do correspondente procedemento regulamentario, a calquera posto de traballo que, de acordo co seu grupo de titulación, teña asignadas funcións propias desta categoría profesional.

#### **2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA**

- a) Denominación da praza: tradutor/a
- b) Grupo de titulación: GRUPO A (subgrupo A2)
- c) Outras características:

- Escala: administración especial
- Subescala: técnica
- Clase: técnico medio

3º.- SISTEMA SELECTIVO. De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo na quenda de consolidación de emprego temporal, o sistema selectivo será o de concurso-oposición.

#### **4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:**

Grao en estudos de galego e español ou grao en tradución e interpretación ou ter superados tres anos das licenciaturas de tradución e interpretación ou da licenciatura en filoloxía galega.

#### **5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

Ás solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e interesadas deberán unirille á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 17,30 €, de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame ao establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e prezos públicos" que se atopa a disposición das persoas interesadas nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web.
- d) Do mesmo xeito, deberán xuntarse á instancia os méritos que a persoa aspirante desexe que se teñan en conta na fase de concurso.

#### **6º.- PROCESO SELECTIVO**

1.- Fase de concurso.

Para a fase de concurso estarase ao disposto na base sexta das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

## 2.- Fase de oposición.

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

### A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO:

**PRIMEIRO EXERCICIO**, teórico: desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 90 minutos, dun tema extraído ao chou de entre os comprendidos no temario de materias comúns.

O temario de materias comúns intégrano 12 temas e figuran nas bases décimo cuarta e décimo quinta das bases xerais xa citadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ao cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

**SEGUNDO EXERCICIO**, teórico: desenvolvemento por escrito de tres temas extraídos ao chou entre os que figuran no temario de materias específicas. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de tres horas.

**TERCEIRO EXERCICIO**, práctico: consistirá en realizar, durante un período máximo de 90 minutos, un suposto práctico que formulará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio, e que estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias das persoas titulares destas prazas.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberán, ou poderán, ir provistos as persoas aspirantes para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

## 7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 1.- A orixe do galego. A romanización. Influencia doutras linguas na conformación do idioma. Voces patrimoniais, cultas e semicultas.

Tema 2.- O galego na idade media.

Tema 3.- O galego nos séculos escuros.

Tema 4.- O galego no século XIX.

Tema 5.- O século XX: a preguerra.

Tema 6.- O século XX: da posguerra ata a actualidade.

Tema 7.- Situación sociolingüística de Galicia: usos e actitudes lingüísticas. Xerarquización das linguas. Relación entre actitudes e usos lingüísticos. Prexuízos lingüísticos.

Tema 8.- Situación sociolingüística de Galicia: competencia e lingua inicial.

Tema 9.- A funcionalidade das linguas. Bilingüismo e diglosia. O conflito lingüístico.

Tema 10.- A planificación lingüística: normativización e normalización. Axentes normalizadores institucionais e non institucionais. Os medios de comunicación e a normalización do galego. A normalización da onomástica. A dinamización lingüística

## **PERSOAL**

MLP/egp

Refª: 13drconvocatoria1Tradutor.doc

Asunto: Convocatoria 1 praza Tradutor/a, c.e.t

Tema 11.- Liñas xerais do proceso de normalización lingüística nos ámbitos educativos, institucionais e socioeconómicos da comunidade.

Tema 12.- Lexislación lingüística que ampara o uso do galego no eido local.

Tema 13.- A Lei de normalización lingüística.

Tema 14.- A Carta europea das linguas rexionais ou mnoritarias. Obxectivos. Aplicación nos servizos públicos administrativos. Uso do galego na Unión Europea.

Tema 15.- O Plan xeral de normalización lingüística. Obxectivos xerais.

Tema 16.- O Plan xeral de normalización lingüística. Incidencia na Administración local.

Tema 17.- Liñas xerais e básicas dun plan de normalización lingüística para os servizos administrativos dun concello.

Tema 18.- Os servizos de normalización lingüística. Natureza e funcións.

Tema 19.- O Gabinete de Normalización do Concello de Lugo. Regulación do uso do galego na Administración municipal de Lugo.

Tema 20.- A diversidade lingüística. A vitalidade das linguas. Linguas minorizadas en Europa. As familias lingüísticas.

Tema 21.- A diversidade plurilingüe e pluricultural de España

Tema 22.- O dominio lingüístico do galego. Variedades xeográficas da lingua galega.

Tema 23.- A variabilidade lingüística, factores e características. Variedades sociais, situacionais e niveis.

Tema 24.- Desviacións da norma. Os vulgarismos, castelanismos e os hiperenxebrismos.

Tema 25.- A oralidade fronte á escrita, diferenzas contextuais e textuais. A gramática. Partes. A tradición gramatical galega.

Tema 26.- O sistema vocálico e consonántico galego. A acentuación.

Tema 27.- O substantivo. Clasificación semántica. Formación do xénero e do número. Funcións sintácticas

Tema 28.- O adxectivo. Clases e graos.

Tema 29.- O artigo. Os demostrativos e os posesivos. Funcións sintácticas.

Tema 30.- O pronome persoal. Funcións sintácticas.

Tema 31.- O verbo. Funcións sintácticas.

Tema 32.- O adverbio, as preposicións e as conxuncións.

Tema 33.- A oración composta. As oracións coordinadas.

Tema 34.- A oración composta. As oracións subordinadas.

Tema 35.- A cortesía lingüística. Os tabús lingüísticos. Os eufemismos. A linguaxe politicamente correcta.

Tema 36.- A linguaxe administrativa galega.

Tema 37.- A linguaxe da administración no marco xeral da comunicación.

Tema 38.- A redacción administrativa. A estrutura da norma articulada.

Tema 39.- A redacción administrativa. Estilo, morfoloxía e léxico.

Tema 40.- O documento administrativo concepto e características xerais. Valores. Diferenzas cos documentos da cidadanía.

Tema 41.- Os documentos da cidadanía. Diferenzas co documentos administrativos.

Tema 42.- Fórmulas de simplificación. A abreviación: abreviaturas, símbolos, siglas e acrónimos. Marcos formais e normas de uso.

Tema 43.- As relacións sociais e a lingua, consecuencias no ámbito terminolóxico.

**PERSOAL**

MLP/egp

Refª: 13drconvocatoria1Tradutor.doc

Asunto: Convocatoria 1 praza Tradutor/a, c.e.t

A terminoloxía administrativa, criterios para a investigación. O Termigal.  
Tema 44.- O préstamo léxico: tipoloxía e criterios de aceptabilidade. O tratamento dos préstamos doutras linguas: os nomes propios, os nomes de institucións, entidades públicas ou privadas, as actividades e os ciclos formativos e de investigación científica e técnica.  
Tema 45.- Mecanismos de creación de palabras. A renovación do léxico galego.  
Tema 46.- Os cargos e o seu tratamento.  
Tema 47.- Os dicionarios. Tipos de dicionarios. Estrutura dos dicionarios.  
Tema 48.- Lingua e sexismo. Actuacións no Concello de Lugo.”

SEGUNDO.- Sinalar que, de acordo co previsto na base oitava das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal, o prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

TERCEIRO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de UN MES, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.